

ODOLIMENDE AXETIOS

MARTA RIBADAS ELIAS

3ºB



O dolmen de Axeitos é un dos máis antigos, máis grandes e mellor conservados de Galicia. Data do 4.000 e o 3.600 antes de cristo e está situado en Ribeira (Barbanza) na provincia de A Coruña, máis

concretamente en Axeitos, ó que lle da o nome. O dolmen de Axeitos é un monumento funerario megalítico, levantado na época neolítica. A tumba colectiva de Axeitos encóntrase no medio dun pequeno bosque de carballos, na metade dunha zona verde rodeada con grandes lousas de granito. A intervención no recinto, onde se ubica un parque infantil, demostra a consideración especial que ten este monumento e a necesidade da súa conservación. O pequeno letreiro da entrada anuncia que estamos ante un monumento funerario coñecido como “A Pedra do Mouro” que leva alí casi 6.000 anos, e advirte: “No suba a la cubierta”. A cubierta á que se refire o cartel é unha gran pedra granítica que tapa a cámara de 3,20 m x 2,40 m que forman outras oito laxas (chamadas ortostatos) de grandes dimensións, colocadas en posición vertical, e que se atopan a uns dous metros do chan. Alí, no interior do dolmen, as persoas máis notables do lugar enterrábanse xunto a algunhas ofrendas (hachas, coitelos, puntas de frecha, vasixas de barro...).

Por un corredor de 1,5 metros de largo, tamén delimitado con pedras laxas —consérvanse todavía dúas delas—, accedíase á cámara funeraria, que estaba cuberta na súa totalidade por un montículo de terra rematado por unha coraza de pedras que debeu de superar os 2 metros. Na parte interna da cámara, pódese encontrar fácilmente dous motivos grabados —un en forma de cruz, que podería representar unha figura

humana, e outro consiste nun surco vertical do que saen hacia un lado outros dous surcos—. Estos motivos aparecen noutros dólmenes en Galicia e no resto da península.



Fotos propias e de Wikimedia Commons.